



M^a Teresa García Guillán, concelleira do PSdeG-PSOE da Pobra do Caramiñal, integrada no Grupo Mixto, ao abeiro do disposto no art. 97.3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción solicitando a bonificación no Imposto de circulación para vehículos híbridos e eléctricos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Imposto de Circulación é de titularidade municipal, a xestión corresponde integramente aos Concellos, polo que cada un aplica un gravame distinto aos cidadáns dependendo do pobo ou cidade onde residan. Págase anualmente polo feito de ser titular do vehículo.

Os concellos poden aplicar bonificacións de hasta o 75% do imposto en función do combustible utilizado, as características do motor y o seu impacto ambiental.

E por elo, que solicito que o Pleno adopte o seguinte

ACORDO

Modificar a Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica para titulares de vehículos eléctricos, híbridos ou que utilicen combustibles non contaminantes clasificados como Cero emisións ou como ECO, según o rexistro de vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

A Pobra do Caramiñal, a 05 de febreiro de 2018.


M^a Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL